

ANEXO XV: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE PRÓRROGA DO TEMPO MÁXIMO PARA A PRESENTACIÓN DA TESE DE DOUTORAMENTO, NO CURSO 2026/2027

Establécese o seguinte procedemento para a tramitación de solicitudes de prórroga do tempo máximo para a presentación da tese de doutoramento, no curso 2026/2027:

PRIMEIRA: O artigo 27 do Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) establece a posibilidade de que o alumnado de estudos de doutoramento poida solicitar unha prórroga do tempo máximo establecido para a presentación da súa tese de doutoramento.

SEGUNDA: Dita prórroga será dun ano tanto para alumnado na modalidade de tempo completo como na modalidade de tempo parcial. Cando nun mesmo programa de doutoramento o/a doutorando/a utilizase ambas modalidades de matrícula computarase para todos os efectos a duración dos estudos de doutoramento en termos de estudos a tempo completo, e considerarase que un ano de matrícula a tempo parcial equivale a 0,571 anos de matrícula a tempo completo.

TERCEIRA: O alumnado que ten a súa data límite de presentación da tese entre o 1 de novembro de 2026 e o 30 de marzo de 2027 (pódese atopar esta información na Secretaría Virtual), poderá solicitar a prórroga **entre o 2 e o 13 de novembro de 2026**; e, se a data límite de presentación da tese está entre o 1 de abril de 2027 e o 15 de maio de 2028, poderá solicitar a prórroga **entre o 5 e o 16 de abril de 2027**, en ambos casos cando non estea en disposición de presentar a súa solicitude de depósito da tese de doutoramento dentro dos prazos máximos establecidos. Deberá presentar a solicitude a través do formulario que poderá atopar na Secretaría Virtual do Alumnado. A solicitude terá que ser motivada.

CUARTA: O perfil autorizado (Director/Titor) informará a solicitude, tamén de forma motivada, **antes do 4 de decembro de 2026**, para o primeiro prazo, ou **antes do 7 de maio de 2027, para o segundo prazo**, a través da Secretaría Virtual do PDI.

QUINTA: A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) autorizará ou non a solicitude, de forma motivada, **antes do 18 de decembro de 2026**, para o primeiro prazo, ou **antes do 21 de maio de 2027, para o segundo**. Trasladarase unha copia da resolución á secretaria do centro de adscrición para a modificación do expediente do/a alumno/a no programa informático.